

CIRCULAR 242

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

XUÑO / XULLO 2013

consenso

á rúa
sen medo

cabemos todas

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Empleo / Responsable da Biblioteca



Miguel A. Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



Antonio González Fernández

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Vogalía de Formación



Marta Rivas Rodríguez

Vogal

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a Nª 243 de xullo/agosto de 2013,
e sairá a principios do mes de setembro de 2013.
A información terá que ser remitida como data límite
o 10 de agosto.

5	Información Xeral
11	Información das Seccións
14	Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
15	Grupo de Tráfico e Seguridade
17	Comisión de Ética e Deontoloxía
22	Últimos Colexiados e Colexiadas de Galicia
23	Cursos, Xornadas e Congresos

Editorial

A saúde afectivo-sexual das mulleres, outra 'víctima' da crise

As conquistas sociais levan moito tempo chegar a elas e moi pouco destruílas. Desde que comezou a crise, asistimos ao desmantelamento ou á “raqutización” de moitos dos servizos públicos, baixo discursos de austeridade, de recortes ou de imposicións externas. Sen negar que as arcas públicas se atopan nunha circunstancia delicada, tamén se está a tomar a situación económica como pretexto, para disimular baixo as necesidades de reducir gastos a vontade ideolóxica. En teoría económica falamos do custo da oportunidade: cando decidimos a que dedicamos os nosos recursos, con iso estamos perdendo a oportunidade de investilos noutro campo, e isto ten uns motivos e implica unhas consecuencias.

Un exemplo ben palpable témolo no que está a acontecer en Galicia cos Centros de Orientación Familiar (C.O.F.), un servizo normalizado e integrado dentro das prestacións da Seguridade Social, distribuído en dez puntos por toda a Comunidade Autónoma e que pretende dar resposta a unha das carencias máis grandes que tiña a cidadanía en xeral e as mulleres en particular nos anos oitenta: a atención á saúde sexual e reprodutiva, abrangendo aspectos psicosociais e sexuais. Pero estas misións foron esvaéndose entre a desidia, a irresponsabilidade e o abandono consciente, mingando en profesionais, e por tanto, en prestacións e tamén na calidade da atención.

Isto acontece ao tempo que se anuncian proxectos como o que pretende aprobar a finais de 2013 o ministro de Xustiza, Alberto Ruiz-Gallardón; unha reforma da Lei que regula a Interrupción Voluntaria do Embarazo, volvendo a unha lei de supostos, máis restritiva que a existente en 1985. Por iso falamos de ideoloxía e non de austeridade, son exemplos de decisións que atentan contra a liberdade sexual da muller, poñendo dificultades no acceso a unha atención sanitaria de calidade pública, favorecendo as consultas privadas e introducindo factores moralizantes sobre o dereito a decidir das mulleres.

Os servizos do C.O.F. estanse derivando cara á Atención Primaria, que non ten capacidade nin preparación para asumir estas competencias. Porque non é simplemente prescribir anticonceptivos hormonais nin realizar citoloxías, senón que nestes centros realízase unha abordaxe de xeito integral a nivel social, sanitario, afectivo e sexual a través dun equipo integrado por profesionais da enfermería, do traballo social, da psicoloxía clínica e da xinecoloxía. Desenvolven labores educativos e de promoción da saúde afectivo-sexual, así como traballos de formación e apoio aos/as diferentes profesionais de Atención Primaria, que van quedando sen posibilidades de efectuarse por falta de equipo.

Na nosa sanidade pública, se pode falar de algo, é de eficiencia na xestión dos recursos por parte dos e das profesionais que exercen día a día desde os seus centros de traballo. Que recaia o peso dos recortes sobre esta área non é de admisible nin comprensible nin xustificable. É máis, o deterioro na calidade da atención integral da saúde afectivo-sexual e reprodutiva, xunto con outras medidas como o proxecto de reforma da Lei da Interrupción Voluntaria do Embarazo, ten uns custos moito maiores sobre os servizos públicos. Debemos fuxir na medida do posible de aplicar criterios económicos a cuestións como a saúde, por suposto, pero cómpre lembrar que os mesmos argumentos que se aplican desde as instancias responsables para xustificar estas medidas teñen unhas bases que se esborrallan a pouco que son cuestionados coas súas mesmas ideas. O regreso a prácticas como acontecían non hai tanto tempo, cando mulleres que non podían permitirse viaxar a unha capital europea, tentaban abortar clandestinamente, poñendo en risco a súa propia saúde (física e psíquica), as disfuncións sexuais, problemáticas de parella,

a falta de educación sexual, non realizar as revisións xinecolóxicas anuais..., son cuestións que recaerán cun maior custe sobre a sanidade, os servizos sociais ou as áreas de xustiza, aténdonos estritamente a unha valoración económica.

Isto sen pensar no que estes dereitos sociais implican para a cidadanía, vulnerándose garantías básicas de saúde, entre elas a saúde sexual e reprodutiva, que afecta de xeito máis rotundo sobre a muller, pero tamén sobre o home. Un feito que contribúe a acentuar as desigualdades de xénero, retrocedendo na loita pola conquista da igualdade dos homes e das mulleres. É por iso que desde o COPG nos unimos ao Manifesto polo Dereito a unha Atención Pública e de Calidade da Saúde Sexual e Reprodutiva, xunto coa Plataforma SOS Sanidade Pública, o colectivo de profesionais dos C.O.F. de Galicia, a Asociación de Psicólogos Clínicos do Sergas e a Plataforma pola Defensa do Dereito ao Aborto, co que pretendemos denunciar o desmantelamento dos C.O.F. de Galicia e defender a súa permanencia, polo imprescindible servizo público que ofrecen.

INFORMACIÓN XERAL

Relacións institucionais

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á xuntanza do Pleno e da Asemblea Xeral da Unión Profesional de Galicia que tivo lugar en Santiago de Compostela o 16 de maio.

O Vogal da Comisión Coordinadora do GIPCE, Xosé Ramón García Gómez, asistiu o 24 de maio a unha reunión convocada pola Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para a constitución formal do Grupo Sanitario do Plan de Emerxencias Exterior (PEE) de Ourense.

En representación do Colexio

A Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, participou como relatora na mesa redonda “A perspectiva socio-



M^a Rosa Álvarez Prada

psicolóxica e victimolóxica da violencia de xénero” celebrada o 23 de abril en Santiago de Compostela ao abeiro do curso “Violencia de xénero”, organizado pola Escola de Práctica Xurídica e o Colexio de Avogados de Santiago de Compostela.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu ao acto de presentación do “Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia”, organizado conxuntamente polas Consellerías de Sanidade e de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e celebrado 3 de maio en Santiago de Compostela.

Rocío Trastoy García e Avelina Senra Comesaña, Coordinadora e Psicoterapeuta respectivamente do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que sofren Violencia de Xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, participaron como relatoras na mesa redonda “Intervención con mulleres que foron vítimas de violencia familiar e de xénero” celebrada ao abeiro nas xornadas “Menores, violencia familiar e de xénero”, que tiveron lugar os días 9 e 10 de maio en Vigo e organizadas pola Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo.

A Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Concepción Rodríguez Pérez, asistiu o 23 de maio en Santiago de Compostela a unha xuntanza organizada pola plataforma SOS Sanidade Pública na que se tratou da situación precaria que están a sufrir os Centros de Planificación Familiar de Galicia. Asemade tamén asistiu o 6 de xuño á rolda de prensa na que se presentou o manifesto elaborado contra o desmantelamento dos devanditos Centros.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Gobierno do Consejo General de la Psicología, que se celebrou o 27 de abril en Madrid.



Concepción Rodríguez Pérez



Rocío Trastoy García



Xavier Sardiña Agra

O Presidente da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Xavier Sardiña Agra, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía Clínica do Consejo General de COP, que tivo lugar en Madrid o 18 de maio.



Mª Concepción Prado Álvarez
y Carlos Montes Piñeiro

O Coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG, José Luis Domínguez Rey, e os Vogais da citada Sección, Mª Concepción Prado Álvarez e Carlos Montes Piñeiro, asistiron ao “Curso sobre Norma ISO 1066” organizado pola División de PTORH do Consejo General de COP, que tivo lugar en Madrid os días 7 e 8 de xuño.

A Decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Gobierno e da Junta General do Consejo General de la Psicología, que se celebrou os días 7 e 8 de xuño en Santiago de Compostela.



Ana Isabel Martínez Arranz

A Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, Ana Isabel Martínez Arranz, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía da Intervención en Emerxencias e Catástrofes do Consejo General de COP, que tivo lugar en Madrid o 22 de xuño.

Achegas da Psicoloxía 2013



Entrega de recoñecemento aos/as colexiados/as
que cumprían 25 anos de colexiación

O 3 de maio tivo lugar no Hotel AC Vila de Allariz (Allariz - Ourense), un encontro dos colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, acto no que se fixo entrega do Premio “Dolores Llópez: Psicoloxía e Sociedade 2013”, galardón creado para distinguir á persoa, institución ou asociación que teña colaborado co COPG contribuíndo ao desenvolvemento da nosa profesión.

A Xunta de Goberno do COPG, na súa sesión do 25 de xaneiro de 2013, acordou outorgar este

ano o premio ao economista e humanista, José Luis Sampedro Sáez pola súa sensibilidade, compromiso social e defensa da dignidade humana.

Lamentablemente, José Luis Sampedro faleceu antes de poder recoller o premio, pero no acto deuse lectura ás palabras de agradecemento que fixo chegar a súa viúva Olga Lucas e a xornalista Eliana Martíns glosou a figura do escritor.

Neste acto tamén se homenaxearon aos compañeiros e compañeiras da profesión que cumpriron 25 anos de colexiación e deuse a benvida a aqueles e aquelas que se incorporaron por primeira vez ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no ano 2012 facéndolles entrega dunha distinción colexial.



Asistentes ao acto

Participación do COPG no VI Congreso Internacional e XI Nacional de Psicoloxía Clínica

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia participou activamente como entidade colaboradora no I Congreso Internacional e XI Nacional de Psicoloxía Clínica, celebrado os días 6, 7 e 8 de xuño en Santiago de Compostela e organizado pola Asociación Española de Psicología Conductual.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, formou parte da mesa que presidiu o acto inaugural do Congreso, que tivo lugar o 6 de xuño.

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Títulos de Licenciatura en Psicoloxía

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro. Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.



O COPG foi convidado pola organización do evento a presentar un simposio, que versou sobre “A Psicoloxía Clínica no Servizo Galego de Saúde”. O simposio estivo coordinado pola Decana do Colexio e os relatores, que abordaron as ponencias “A formación no Sistema Galego de Saúde”, “A práctica da Psicoloxía Clínica en Galicia” e “O desenvolvemento asociativo dos profesionais sanitarios en Galicia”, foron Xavier Sardiña Agra, Delia Guitián Rodríguez e José Eduardo Rodríguez Otero, membros da Sección de Psicoloxía do COPG.

Nova xunta directiva da sección de Psicoloxía Educativa do COPG

Con data 27 de xuño de 2013, a Comisión Electoral procedeu á proclamación definitiva da nova Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Educativa do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia coa composición que de seguido se detalla:

Manuela del Palacio García (G-3628), Presidenta
Ana María Ulloa Lage (G-1118), Vicepresidenta
M. Asunción Teijeira Bautista (G-1246), Secretaria
M. Carmen Lorenzo Vila (G-0716), Tesoureira
Concepción López Martín (G-2981), Vogal
Nuria Lago Fernández (G-3639), Vogal
Purificación Alberte Iglesias (G-0690), Vogal

Sinatura do convenio de colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade

Levou-se a cabo un ano máis a sinatura do Convenio de Colaboración para 2013 entre a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e, complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar.

O COPG oponse ao desmantelamento progresivo da rede de Centros de Orientación Familiar (COF)

O COPG denuncia o desmantelamento da rede de Centros de Orientación Familiar e, xunto coa Plataforma SOS Sanidade Pública, o colectivo de traballadoras e traballadores do Centros de Orientación Familiar de Galicia, a Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS e a Plataforma pola Defensa do Dereito ao Aborto, subscribiu un Manifesto polo dereito a unha atención pública e de calidade da saúde sexual e reprodutiva.

Reunión coa Sociedade Galega de Neuropsicoloxía

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo o 22 de abril na sede do COPG unha reunión con representantes da Sociedade Galega de Neuropsicoloxía. Dita reunión tivo como eixo central a presentación no COPG da Sociedade e a posibilidade de colaboracións entre ambas entidades.

Medios de Comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=2 e www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=3.

O COPG xa está presente nas principais redes sociais. De seguido se reproducen os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: www.facebook.com/copgalicia

t Twitter: @copgalicia

in LinkedIn: www.linkedin.com (Grupo: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia):

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuito reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venda, ou para compartir despachos profesionais.

■ Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.

■ O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.

■ Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: “Alégase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m2 na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000”.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA CLÍNICA

Formación

□ O pasado 3 e 4 de maio tivo lugar en Santiago de Compostela o Curso “Terapia familiar con adolescentes. ¿Cómo crear alianzas terapéuticas con clientes/as obrigados/as, reticentes, ausentes ou en conflito?”. Foi impartido por **Valentín Escudero Carranza**,

Profesor Titular do Departamento de Psicología da Universidade da Coruña, e coordinado por **Áurea Losada Quinteiros**, Vogal da Sección de Psicología Clínica do COPG.

Mediante exercicios prácticos e exemplos en vídeo traballáronse as estratexias e habilidades de manexo terapéutico a través da formulación dun modelo de psicoterapia familiar baseada na creación dunha alianza terapéutica co/coa menor e a familia.

□ Co-organizada pola Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS, a Asociación Galega de Saúde Mental, a Asociación de Psicólogos Interno Residentes de Galicia e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia, o pasado 30 e 31 de maio celebrouse no Antigo Hospital San Roque de Santiago de Compostela a Xornada “A Psicología en Atención Primaria: Propostas para a súa aplicación no Servizo Galego de Saúde.

Especialistas en psicología, psicólogos interno residentes e médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria analizaron a oferta asistencial aos problemas relacionados coa saúde mental, así como as posibilidades que a psicología clínica pode aportar tanto a nivel preventivo como asistencial. A xornada tamén contou cun obradoiro sobre o tratamento grupal dos trastornos de ansiedade, impartido por **Julio César Martín García-Sancho**, Psicólogo Clínico e Xefe do Servizo de Programas Asistenciais da Subdirección de Salud Mental del Servicio Murciano de Salud.



Arriba: Asistentes ao curso
Abaixo: Momento da xornada



Enlace ao apartado da *Sección de Psicología Clínica* da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=36

Formación prevista

A Sección está traballando na programación dos vindeiros cursos. Neste momento podemos adiantar a seguinte información:

□ Os días 4 e 5 de outubro celebrarase na Coruña o Curso “Intervención en docentes con enfermidade física crónica”. Será impartido por **Jorge García Fernández**, Facultativo Especialista de Área de Psicoloxía Clínica do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, e coordinado por **Mercedes Fernández Cabana**, Vogal da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.

□ **Blanca Guevara Werlang**, Doutora en Psicoloxía e autora da “Entrevista semi-estructurada para autopsia psicolóxica en casos de suicidio”, impartirá no mes de novembro en Ferrol o Curso “Autopsia psicolóxica”. Neste caso, o coordinador do mesmo será **Manuel Castro Bouzas**, Tesoureiro da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.

□ Coordinado por **Carlos Álvarez García**, Vogal da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG e impartido por **Yolanda Castro Casanova**, Facultativo Especialista de Área de Psicoloxía Clínica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, celebrarase o Curso “A primeira entrevista en psicoterapia”. Terá lugar no primeiro semestre do 2014.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Despedimos a **Olegaria Mosqueda Bueno**, como Presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG durante trece anos. Con esta recensión queremos agradecerche o teu labor defendendo as funcións do Psicólogo e Psicóloga Educativa.

Grazas polo teu compañeirismo e por contaxiarnos no día a día o teu entusiasmo pola nosa profesión.

Membros da Sección
de Psicoloxía Educativa do COPG

De acordo coa normativa
vixente, a colexiación
é obrigatoria para
o exercicio da profesión,
e en consecuencia as
persoas que non estean
colexiadas non poderán
exercher como psicólogos
e psicólogas.



Olegaria Mosqueda Bueno

Enlace ao apartado da
Sección de Psicoloxía
Educativa da páxina web
do COPG: <http://www.copg Galicia.es/copg Galicia.asp?id=191>

Afiliación na División PTORH

A afiliación como membro ordinario da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos segue aberta sen data límite. Invítase aos colexiados e colexiadas do COPG a inscribirse na mesma. Podes tramitar a túa inscrición no enlace www.cop.es/ptorh/.



Momento da Sesión Informativa

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=81



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Avaliación de persoas en entornos laborais: Norma ISO-10667

□ *A aprobación da Norma*

A Norma UNE-ISO 10667 de Prestación de Servizos de Avaliación: procedementos e métodos para a avaliación de persoas en entornos laborais e organizacionais entrou en vigor o pasado 29 de maio. Ao longo do presente ano a nosa Sección foi informando sobre o desenvolvemento do proceso de adaptación da Norma ao contexto laboral español unha vez que o Ministerio de Industria, Energía y Turismo autorizou á Asociación Española de Normalización y Certificación (AENOR) a iniciar o citado proceso no que estivo presente a División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos. Ao respecto organizouse unha sesión informativa o pasado 21 de maio, onde a Sección de PTO e a Vogalía de Emprego do COPG presentaron as características, obxectivos e accións formativas programadas.

□ *Accións desde a División PTORH*

Como é coñecido o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos xunto coa Coordinadora da División levou a cabo distintas xestións e accións para que os distintos colexios territoriais facilitasen a información oportuna para posicionar e destacar o papel do psicólogo como profesional referente para as tarefas de implantación e asesoramento da Norma ISO-10667. En primeiro lugar o pasado mes de marzo celebrouse unha acción formativa cun obradoiro sobre a aplicación da norma e, posteriormente no transcurso do mes de maio e xuño continuouse cun curso (on-line e presencial) que abordou o desenvolvemento e aplicación da estrutura da citada norma así como temas relacionados cos aspectos de normalización, certificación e auditorías de calidade. As distintas Seccións de PTO dos colexios territoriais están á espera de iniciar accións formativas para colexiados e colexiadas unha vez que se sinalen directrices, necesidades, requisitos e entidade de acreditación.

Formación

Os días 31 de maio de 1 de xuño celebrouse, dirixido a todos os Colexiados e Colexiadas, non só aos membros do GIPCE, o **Curso "Intervención en crise: Evolución do trauma"**. Foi impartido por **José Navarro Góngora**, Profesor Titular de Terapia Familiar na Universidade de Salamanca e Director do Máster Universitario de Intervencións de Psicoterapia.

Con este curso pretendeuse coñecer os tipos de intervención tanto nos momentos de emerxencia como nas fases máis avanzadas (crónicas) das crises.

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Formación para a AGASP

Os pasados 14, 15, 20 e 21 de maio tiveron lugar, na sede da AGASP na Estrada, as dúas edicións do **Curso sobre apoio psicolóxico básico e manexo do estrés nos intervinientes en situacións críticas, de emerxencia ou catástrofe**, que tiveron unha duración de 16 horas cada edición. As compañeiras **Carmen Patiño García** e **Olegaria Mosqueda Bueno** traballaron cos asistentes técnicas básicas de apoio psicolóxico e tamén o manexo do estrés e o autocoidado emocional.



Momento do Curso

Formación prevista

O vindeiro 21 de setembro tense previsto celebrar a formación interna **Xornada práctica sobre a intervención en centros escolares**. O Grupo de Traballo de Intervención en Centros Escolares presentará o protocolo de intervención elaborado para estes escenarios. Tamén se traballará sobre intervencións do Grupo nestes ámbitos.



Momento dunha das sesións

Enlace ao apartado
do GIPCE na páxina
web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=203

Informacións

1. Elaboración dos Plans de Emerxencias Externos (PEE) de distintas empresas:

Desde o GIPCE estase a participar activamente na elaboración dos plans de emerxencia externos en empresas de tres provincias distintas: A Coruña, Ourense e Pontevedra.

- O 24 de maio e 18 de xuño tivo lugar unha xuntanza na Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de Ourense para a elaboración do PEE de CEPSA, a cal asistiu en representación do GIPCE **José Ramón García Gómez**, membro da Coordinadora.
- O 14 de xuño foi enviado á Delegación Territorial de Sanidade da Coruña a parte psicolóxica do PEE da Grela-Bens, plan sobre o que xa se leva traballando desde o mes de maio.
- O 19 de xuño tivo lugar unha xuntanza na Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade de Pontevedra para a elaboración dos Plans de Emerxencias Externos de Ence-Elnosa e Syncenta. A esta reunión asistiu **Mª Luz Losada Somoza**, membro da Coordinadora do GIPCE.

2. Campaña de difusión do GIPCE.

Desde o GIPCE estanse enviado os trípticos informativos do grupo a distintos grupos de profesionais das emerxencias e entidades públicas co obxectivo de que se teña un maior coñecemento deste dispositivo específico que conta con 17 anos de experiencia no ámbito das emerxencias.

GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

□ O 14 de maio o Grupo de Tráfico foi convidado polo Concello de Pontevedra a unha sesión divulgativa do Plan Municipal de Camiños Escolares, na que se presentou o relatorio “Mobilidade e autonomía infantil”, presentada por **Diego Antelo Guerra**, membro do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG.

□ O 28 de maio celebrouse no COPG unha reunión cos Psicólogos/as que realizaron o 2º Curso INCOVIA en Santiago (maio 2013), para informarlles da situación real en Galicia do desenvolvemento dos cursos do carné por puntos e do papel dos profesionais da psicoloxía nestes cursos, así como invitarlles a

participar nas actividades do Grupo de Tráfico e Seguridade.

❑ O 1 de xuño dou comezo en Narón o 1º grupo de **Xornadas de Concienciación** deste ano 2013 coa asistencia de 24 penados por delitos relacionados co tráfico e coa seguridade viaria. Este grupo está coordinado por **Eduardo Anoeta Rodríguez** e **Juan Manuel Bonome Rodal**, ambos membros da Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG. Durante o mes de xullo tense previsto a realización doutro grupo en Ourense coordinado por **José Lamas López** e **Sandra Sesto Vilariño**, ambos membros do Grupo de Tráfico do COPG.

Sesión formativa

O pasado 15 de xuño celebrouse a segunda reunión do Grupo, na que se desenvolveu a **Parte II “Avaliación das demencias no ámbito da conducción”**, impartida por **Juan Manuel Bonome Rodal**, Psicólogo Experto en demencias e alzheimer.

Neste caso o obxectivo foi facer unha revisión práctica dos instrumentos de scrining e de avaliación das demencias coa fin de provernos de metodoloxía útil para as avaliacións das alteracións cognitivas relacionadas coa idade a as demencias no ámbito psicotécnico, así como iniciar unha investigación neste eido na que se ten previsto colaborar a tres bandas: Grupo de Tráfico a través dos profesionais da psicoloxía que traballan en psicotécnicos, USC e Asociacións de alzheimer de Galicia.

Aviso

Faise un chamamento a todos os profesionais da psicoloxía que traballan en psicotécnicos que puidesen estar interesados/as en colaborar desinteresadamente na investigación sobre demencias, envíen un e-mail ao COPG a atención do Grupo de Tráfico e Seguridade, comunicando o seu interese xunto cos seus datos persoais e os datos do centro psicotécnico (nome, localidade e teléfono) indicando quen realizará a recollida de información.



Momentos das Xornadas de Concienciación de Narón



Momentos da Sesión formativa

Enlace ao apartado do
Grupo de Tráfico e
Seguridade da páxina
web do COPG: [http://
www.copgalicia.es/copga-
licia.asp?id=123](http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=123)

Informacións

□ Informamos da publicación no BOE do 14/6 da O. ECD/1970/2013 de 12 de xuño, con entrada en vigor o día 15 de xuño deste ano, pola que se establecen os requisitos para a verificacións dos títulos universitarios oficiais de Máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria que habiliten para o exercicio da profesión regulada de Psicólogo/a Xeral Sanitario/a. A transcendencia máis importante desta Orde é a tranquilidade para todos os profesionais que traballan en psicotécnicos, pois poderán seguir desenvolvendo o seu traballo en canto consten rexistrados para realizar actividades sanitarias de acordo co sinalado no apartado 2 da Disposición 6ª da Lei 5/2011 de 29 de marzo de Economía Social.

□ A vindeira **convocatoria do Grupo será o 26 de outubro de 2013**. No transcurso desta reunión tense previsto organizar a 1ª prospección da investigación de demencias.

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

Aclarando conceptos

A complexidade do sistema xudicial español da lugar á confusión en moitas ocasións de determinadas figuras legais, nos casos nos que os psicólogos e psicólogas teñen que acudir ante un tribunal a declarar, ou ante a presenza dun caso de separación ou divorcio. Con este artigo pretendemos poñer un pouco de luz sobre algúns destes conceptos.

Esta asesoría xurídica non quere deixar pasar a ocasión para agradecer a Comisión de Ética e Deontoloxía deste Colexio a confianza depositada, non só pola invitación a colaborar nesta sección, senón pola liberdade total en canto ao contido do artigo.

Perito e testemuña

Na profesión de Psicólogo/a encontrámonos con moita frecuencia a situación de que somos requiridos polos xulgados para a elaboración e defensa en xuízo de informes psicolóxicos. Compre facer aquí unhas cantas precisións sobre as diferenzas entre ser chamado como perito ou coma testemuña.



O perito é un profesional dotado de coñecementos especializados que asesora aos tribunais de xustiza (á propia instancia ou a solicitude dunha das partes) sobre puntos litixiosos que son materia do seu ditame pericial.

A testemuña é unha persoa que é chamada ao proceso e que aporta os seus coñecementos subxectivos sobre feitos que percibiu ou que lle foron contados.

A principal diferenza, polo tanto entre ambas figuras é que o perito é contratado para facer un ditame pericial obxectivo, de valoración, mentres que a testemuña, debido a súa relación cos feitos axuizados (terapia psicolóxica a unha das partes do proceso, xeralmente) é requirida para aportar os seus coñecementos subxectivos sobre os feitos obxecto do litixio, coa finalidade de auxiliar á administración de xustiza.

No ámbito da psicoloxía debemos aclarar que calquera psicólogo/a pode ser chamado como testemuña a un proceso, nembargantes, para poder ser contratado como perito debe cumprir os requisitos esixidos pola normativa vinculante.

Outras diferenzas entre estas dúas institucións encontrámolas no ámbito da recusación (só os peritos poden ser recusados, xa que deben ser imparciais); na obriga de declarar que se impón as testemuñas (os peritos poden rexeitar o encargo antes da súa aceptación); na substitución (só poden ser substituídos os peritos); así como nas advertencias legais que a xustiza lles realiza: a testemuña é advertida da obriga de dicir a verdade, e da responsabilidade penal na que incorrerá se faltase a tales deberes, mentres que o perito é advertido da obriga de proceder fielmente no desempeño das súas funcións.

	Perito	Testemuña
Tipo recoñecemento	Obxectivo	Subxectivo
Aptitude	Cumprimento dos requisitos	Calquera persoa física
Recusación	Pode ser recusado	No cabe recusación
Rechazo	Poden rexeitar o encargo	Deben declarar obrigatoriamente
Obrigas	Proceder fielmente	Dicir a verdade

Patria potestade e custodia

Definimos a patria potestade en termos coloquiais como o conxunto de dereitos e deberes que recaen sobre o pai e a nai para con o seu fillo/a, tanto natural como adoptado.

Se ben no dereito romano configurábase como un dereito absoluto do pai sobre os fillos, na actualidade configúrase como un sistema de protección para os menores, xa que o certo é que, como todo dereito, leva aparexado o cumprimento de determinadas obrigas para proporcionar ao menor un desenvolvemento equilibrado e axustado (alimentación, educación, asistencia, respecto, administracións de bens...).

Non é ata 1981 (ano de promulgación da Lei do Divorcio) cando o exercicio da patria potestade deixa de ser exclusiva do pai para outorgarse a ambos proxenitores. Así o artigo 156 do Código Civil establece que a patria potestade exercerase por ambos proxenitores conxuntamente, o por un só co consentimento expreso ou tácito do outro.

No momento en que se produce a ruptura do vínculo entre os proxenitores, despréndese unha parte da patria potestade, a cal recibe o nome de custodia. A custodia a definimos como o conxunto de dereitos e deberes de contido máis inmediato que recaen sobre o pai e nai para con o seu fillo/a, o tempo en que permanecen con cada un deles. Inda que socialmente se díxo “ten custodia a nai/pai”, en realidade esta expresión é incorrecta, pois en realidade a custodia a temos o tempo ne que o noso fillo ou filla está na nosa compañía.

Podemos, polo tanto, precisar que a custodia comprende todos aqueles aspectos derivados do día a día, actividades ordinarias (alimentación, consolo, estudo) e actividades extraordinarias urxentes (coidado inmediato, urxencias); e todo o que non sexa urxente e sexa extraordinario, seguiría a formar parte da patria potestade, requirindo, polo tanto, consentimento de ambos proxenitores (decisións como en qué escola se matricula o menor, se o mandamos a catecismo, realización de terapia psicolóxica, etc...).

Monoparental ou compartida: a patria potestade e a custodia

Tanto a patria potestade como a custodia poden ser exercidas de xeito exclusivo (monoparental) ou compartida.

A patria potestade é exercida por ambos proxenitores, salvo causa de privación da responsabilidade parental, que, dado o seu contido esencialmente asistencial, só é declarada pola concorrencia dunha causa de notaria gravidade da que se deriven graves prexuízos para o menor. Só poden ser acordadas pola autoridade xudicial mediante a correspondente sentenza cando se da algunha das circunstancias establecidas no artigo 170 do Código Civil, así, debido a sentenza fundada en incumprimento de deberes inherentes á patria potestade (por exemplo, incumprimento reiterado das obrigas económicas), sentenza ditada en causa matrimonial, e sentenza ditada en causa criminal. Con respecto a esta última hai que aclarar que non se pode invocar como causa de privación da patria potestade o mero feito de seres condenado un dos proxenitores a pena privativa de liberdade, senón que debe acordarse como pena accesoria en función das especiais características do delito incriminado (así, por exemplo, prostitución ou corrupción de menores).

Como singularidade, o artigo 111 do Código Civil establece que quedará excluído da patria potestade o proxenitor cando a filiación fose xudicialmente determinada contra a súa oposición, así por exemplo cando se opuxo á demanda de recoñecemento da filiación e obstaculizou a práctica da proba biolóxica.

En canto á custodia, o Código Civil, no seu artigo 92 establece que a custodia poderá ser compartida cando a soliciten os dous proxenitores ou cando, excepcionalmente, o estime o Tribunal, sempre a instancia dunha das partes, con informe favorable do Ministerio Fiscal, fundamentada en que só de esa forma se protexe adecuadamente o interese superior do menor. A práctica habitual nos xulgados era non aplicar a segunda posibilidade dado o carácter de excepcionalidade.

Nembargantes, a recente sentenza do Tribunal Supremo de data 29 de abril de 2013, avala que a custodia compartida sexa a regra xeral sempre que non resulte prexudicial para o menor, declarando como doutrina xurisprudencial que a custodia compartida non debe ser unha medida excepcional, senón que

ao contrario, haberá de considerarse normal e incluso desexable, porque permite que sexa efectivo o dereito que os fillos teñen a relacionarse con ambos proxenitores, inda en situacións de crise, sempre que isto sexa posible. Establece que deberán ser tidos en conta criterios como a práctica anterior dos proxenitores nas súas relacións co menor e as súas aptitudes persoais, os desexos manifestados polos menores, o número de fillos, o respecto mutuo dos proxenitores nas súas relacións persoais, o resultado dos informes esixidos legalmente e, en definitiva, calquera outro que permita aos menores unha vida axeitada, inda que na práctica poida considerarse máis complexa que a que se leva a cabo cando os proxenitores continúan a convivir.

Cecilia Barros Díaz
Asesoría Xurídica do COPG



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

**ÚLTIMOS
COLEXIADOS
E COLEXIADAS
DE GALICIA**

G-4324	Méndez Pérez De Arevalo María
G-4774	Camargo Albarracín Ana Lisbeth
G-4775	De Vega Rodríguez Ángela
G-4776	Mayorga Arnedo María Soledad
G-4777	Otero Freire Maribel
G-4778	Fernández Martínez Concepción
G-4779	Alonso Vilar Cristina
G-4780	Puga Martínez Amalia
G-4781	Campos González Almudena
G-4782	Pérez Sola María Elsa
G-4783	Fernández Fralleoni Silvia
G-4784	Murado Prieto María
G-4785	Lorenzo Torres Diego
G-4786	García Fuertes Ildefonso
G-4787	Domínguez Romero Alfonso
G-4788	Rodríguez González María Del Pilar
G-4789	Rodríguez Valverde Judit
G-4790	Couceiro Sánchez Clarisa
G-4791	Rodríguez Pérez María Fátima
G-4792	Losada López Carlos José
G-4793	González Vigo Beatriz
G-4794	Rodríguez Boente María
G-4795	Martínez Abalo Lidia Nahir
G-4796	Núñez Pastor María Eva
G-4797	Martínez Ahijado Marta
G-4798	Pardellas Marquez Yolanda
G-4799	Corada Pérez María Sonia
G-4800	Rodríguez Rey María Cristina
G-4801	Hernández Martín María José
G-4802	Moratto Amalia Noemí
G-4803	Barreiro Álvarez Cristina
G-4804	García Blanco Iratxe
G-4805	Varela Pérez María Emma
G-4806	Morado Vázquez Beatriz
G-4807	Pidal Miranda Marina
G-4808	Novoa Salgado Jorge
G-4809	Rolán González Katia

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos.

Podedes consultar os Cursos, Xornadas e Congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

CURSO "INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA NA ENFERMIDADE FÍSICA CRÓNICA"

Datas: 4 e 5 de outubro de 2013.

Lugar: Salón de Actos do Hospital Marítimo de Oza. A Coruña.

Docente: Jorge García Fernández.

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía Clínica do COPG.

XVIII XORNADAS DE PSICOLOXÍA CLÍNICA DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA "CLÍNICA NO RURAL MARIÑEIRO: A AUSENCIA"

Datas: 15 e 16 de novembro de 2013.

Lugar: Monasterio de Santa Catalina de Montefaro. Ares (A Coruña).

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía Clínica do COPG

PUBLICIDADE



HOMOLOGADO POLA
FEDERACIÓN ESPAÑOLA
DE ASOCIACIÓNS
DE TERAPIA FAMILIAR
EFTA, MEMBERSHIP

PSICOESTUDIO KARMA

Telf: 986 295 621

Telf: 986 471 439

Apto. de Correos 1621 Vigo
e-mail: psicoestudio@psicoestudio.com
www.formacioncambiovigo.com

Grupos reducidos
Seminarios con especialistas
Prácticas in vivo supervisadas
Horarios e contidos adaptados
ao alumno/a ou profesional interesado/a

equipo de formación e supervisión:

José Manuel González Alonso
Celia Cameselle Taboada
José Antonio Muñiz Torrado
Manuel Lopo Lago

colaboradores asociados:

Emilio Gutiérrez García
(Unidade Venres Clínico
Universidade Santiago de Compostela)

José Luis Rodríguez-Arias Palomo
(Complejo Hospitalario Universitario A Coruña, C.H.U.A.C.)



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

HORARIO

De luns a xoves de 9 a 14 horas
e de 16 a 21 horas, e os venres
de 9 a 14 horas

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociaciones Profesionales
de Psicólogos